



Reclamante:



Expediente. Nº RSCTG 58/2022

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vistas ás reclamacións presentadas por



mediante escrito do 21 de marzo de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 31 de maio de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES**Primeiro.**

presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 21 de marzo de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante Consellería de Cultura, Educación e Universidade, á consulta do Informe do 2003 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural referente a accións relacionadas con proxectos mineiros, antigos fornos de cocer cal, informe do 31 de agosto de 2011, documentación remitida pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o 21 de novembro de 2011 todos eles que figuran no expediente correspondente ao xacemento arqueolóxico Coya da Furada dos Cas, informe Técnico do 2011, de concesión de explotación derivada do permiso de investigación", e Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do ano 2012, relacionado coa Solicitude de concesión de explotación derivada do permiso de investigación

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada con sinatura electrónica de asociación, e do DNI do representante.

Segundo. Con data 29 de marzo de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 31 de marzo de 2022.

Terceiro. Con data do 27 de abril de 2022 Consellería de Cultura, Educación e Universidade contesta a petición remitindo informe no que se fai constar que con data do 22 de abril de 2022 a directora xeral de Patrimonio Cultural emitiu resolución de concesión de acceso aos expedientes relacionados e remisión de copia destes a favor da asociación solicitante, que foi recepcionada pola persoa responsable da asociación o mesmo día.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade ditou resolución expresa unha vez transcorrido o prazo que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016 e unha vez que o interesado tiña presentada a súa reclamación ante esta Comisión, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A Asociación interesada solicitou acceso a informes da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e da Dirección Xeral de Enerxía e Minas relacionados con proxectos mineiros, antigos fornos de cocer cal, que figuran nun expediente dun xacemento arqueolóxico, acceso a un expediente de concesión de explotación mineira derivada dun permiso de investigación e un informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do ano 2012, relacionado cunha solicitude de concesión de explotación mineira derivada dun permiso de investigación.

A Consellería non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información, pero ditou resolución expresa que notificou ao interesado con posterioridade a que este presentase reclamación ante esta Comisión, facilitándoselle o acceso á información.

De acordo co anterior, procede estimar por motivos formais a presente Reclamación, sen prexuízo de que si a asociación reclamante o estima convinte, poida presentar reclamación ante esta Comisión fronte á dita resolución expresa, para que na tramitación da mesma poidan ser analizados os seus argumentos, pronunciándose a resolución que corresponda.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión de Transparencia

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] contra a Reclamación contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante Consellería de Cultura, Educación e Universidade, á consulta de informes e expedientes relacionados con proxectos mineiros e antigos fornos de cocer cal

que figuran no expediente [REDACTED] correspondente ao xacemento arqueolóxico Coya da Furada dos Cas, e informes relacionados coa concesión de explotación derivada do permiso de investigación [REDACTED].

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2022.06.08 11:49:24 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.